

## DÍA DAS ESCRITORAS

*"O esforzo cotián das mulleres"*

*19 de outubro de 2020*

**Bibliotecas  
escolares  
de Galicia**





Aquês que ten fama de honrados na vila  
roubâronme tanta brancura que eu tiña,  
botâronme estrume nas galas dun día,  
a roupa decote puñéronma en tiras.

Nin pedra deixaron, en donde eu vivira;  
sin lar, sin abrigo, morei nas cortiñas,  
ô raso cas lebres dormín nas campías;  
meus fillos... i meus anxos!... que tanto eu quería,  
imorreron, morreron, ca fame que tiñan!  
Quedei deshonorada, murchâronme a vida,  
fixéronme un leito de toxos e silvas;  
i en tanto, os raposos de sangue maldita,  
tranquilos nun leito de rosas dormían.


-Salvâdeme, iouh, xueces!, berrei... ¡Tolería!  
De min se mofaron, vendeume a xusticia.  
-Bon Dios, axudáime, berrei, berrei inda...  
Tan alto que estaba, bon Dios non me oíra.

Entonces cal loba doente ou ferida,  
dun salto con rabia pillei a fouciña,  
rondei paseniño... ¡Ne-as herbas sentían!  
I a lúa escondíase, i a fera dormía  
cos seus compañeiros en cama mullida.

Mireinos con calma, i as mans estendidas,  
dun golpe, idun soio!, deixei nos sen vida.  
I ó lado, contenta, senteime das vítimas,  
tranquila, esperando pola alba do día.

I estonces... estonces, cumpreuse a xusticia:  
eu, neles; i as leises, na man que os ferira.

Rosalía de Castro. *A xustiza pola man*. Follas Novas



DÍA DAS ESCRITORAS

## EN MIN E EN TODAS

*En min i en todos*

Rosalía de Castro

Nalgún poema pasei frío e pasei fame  
sentín padecementos que non eran meus

cos vosos fillos metidos no ferraço  
coas vosas criaturas enriba dunha mula  
cos vosos bebés nunha caixa de cartón  
coas vosas crías ao lado da lareira.

Nalgún poema pasei frío e pasei fame

rompín xeo coas maus para ir lavar á laga  
con aquel xabón que non facía espuma  
fabricado  
con pingo e sosa cáustica e unha gota  
sutil  
de amor.

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia





Nalgún poema caeume leite aos pés  
en canto sentín garraxar a miña filla  
e no alto da noite deilles de mamar a nenos doutro tempo  
agarrados ao instinto de succión  
coma quen apreixa os beizos contra o ar para extraer a luz do día

Nalgún poema pasei frío e pasei fame  
sentín apedrar o trigo contra a carne quedar por portas  
apañar garabullos na memoria  
prender o lume e ir por sono á fonte  
pra que durman os fillos da pobreza.


Nalgún poema subiume o leite aos peitos  
como ascende a palabra ata o cerebro  
agateñando igual ca un gato nun bosque de glándulas  
e fun tódalas mais que son mais dos meus fillos.

Nalgún poema pasei fame  
e pasei frío.

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



Olga Novo. *Feliz Idade*. Factoría K de libros



DÍA DAS ESCRITORAS

o normal era

casar

abandonar

a casa do pai

construír

a casa do esposo

casar

era o normal

a conduta agardada da moza respectábel

o destino para o que fora preparada


tras longas horas de costura, lavado

e alisado

horas entre potas e pratos

deixando a pel das mans

no estropallo



DÍA DAS ESCRITORAS

era o normal

casar

para se liberar  
do pai


soñando unha vida propia que  
non chegaba  
porque o normal era  
casar  
e construír  
a casa do esposo

erguer as paredes  
da súa torre de poder

Marta Dacosta, 21 anos. *Na casa da avoa*. Galaxia.

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia





DÍA DAS ESCRITORAS


“L. C. saíu da fábrica e non foi, como debería, a Stoner House. A súa nai estaba enferma con febre e asubíos no peito e tiña que agardar repouso, así que ela debía encargarse da casa e dos dous irmanciños máis pequenos. Aínda que as veciñas facían unha especie de cesto entre elas para coidar por quendas as crianzas de todas e que así cada muller puidese atender os seus horarios laborais nas fábricas, a señora Count non podía erguerse da cama e aquela paga semanal que lle correspondía tras seis horas diarias na fábrica de rollas na que atopara traballo estaría seriamente mirrada. Iso, se non chegaba o día de incorporarse, aínda mareada e feble, e na porta xa lle dicían que non a precisaban máis, que no seu lugar entrara outra, máis nova, máis rápida, máis barata.

A señora Count túsí e estarecía a cada pouco, aínda que suaba. Era normal nela ter estas infeccións pois pasaba todo o día entre augas e paredes frías á intemperie e coa teta fóra para aleitar os dous naipelos. Cando era así, L. C. corría á casa nada máis saír da fábrica tomaba as rendas de todo o doméstico. Á súa idade xa podía ser nai dos seus propios cachorros, poucos máis anos ca ela tiña a súa nai cando nacera o seu irmán maior, Jamie.”

Emma Pedreira. *Os corpos invisibles*. Xerais.

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia





DÍA DAS ESCRITORAS

“E se esta señora que camiña diante de nós ten un cancro de mama? Quen lle atende aos rapaces? Catro son moitos. Catro baños. Catro camas. Catro pixamas. Oito petisús. Catro vasos de leite. A que hora se erguerá para vestilos? E oito calcetíns. E catro pantalóns. E catro camisetas. E catro chaquetas. Todos os días. Á lavadora. E os dela. E os do home. Un centrifugado diario. Terá secadora, porque se non... Apuntar no iPad. Baño na praia. Sábado. Café. 17 h. E o teléfono da señora Lola. Acordarse de pedirillo. E catro pratos. E catro gafos. E catro vasos. E os dela. E os do home. Terá lavalouzas, porque se non miña pobre. Comprar milanesas para o martes. Albóndegas para o mércores. Fágolle a salsiña pola noite. Unhas patacas cocidas. E logo só teñen que quentalas mentres vou ao médico. Apuntar no iPad. Sábado. Café. 17 h. Baño no mar. Mercar milanesas e albóndegas. Facer mollo de tomate e cebola. Patacas cocidas con loureiro e comiño. Martes, milanesas. Mércores, albóndegas. Xoves, xa veremos”

Eli Ríos. *Luns*. Xerais.

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia








DÍA DAS ESCRITORAS

“Como calquera muller de Porto Balea, atendía a súa casa e criaba o seu pequeno e non sô iso, senón que, debido ao éxito do seu primeiro xersei (...) montou un taller e contratou a unha ducia de mozas que a axudaron a afrontar a disparatada demanda. As súas tecelãs dicían dela que, como xefa, era esixente pero xusta. A súa capacidade de traballo era sobrehumana e rara era a noite en que non quedaba ata altas horas da madrugada rematando un encargo, ninguén na vila a entendía: o seu home era rico, o seu negocio de punto era próspero, por que, logo, traballar ata a extenuación? Non era ambición senón orgullo. O diñeiro era só unha mostra de que, ela, que apenas estudara un par de anos na escola con Adinida e que xamais saíra de Porto Balea, podía levar a cabo o seu propio proxecto”

Érica Esmorís. *Nena e o mar*. Xerais

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia





DÍA DAS ESCRITORAS

“Herdara tamén outras cousas: a teimosía. A tía Cris lograra algo que mamá nunca puidera soñar: arrepoñerse á vontade do avó Roque e ir á universidade. Dos tres irmáns ninguén apostaría por ela, a pequena e calada, o conseguise, pero non houbo maneira de detela. O tío Roque si que fora, claro, non había ir, porque era un home, o vinculeiro da familia. Mamá xa dera a batalla por perdida antes de sacar as armas e, para sorpresa de todos, nada máis acabar o bacharelato, apareceu Cris coa súa bolsa de estudos e a matrícula pagada na universidade de Barcelona. Ninguén ousou retrucarlle a alá foi para converterse nunha científica brillante. (...)

Non todos lle recoñeceron o mérito. O avó pensaba en voz ven alta que as mulleres non teñen nada que buscar nas universidades, que non albergan máis que paxaros na cabeza e poden tolear nas clases. Repetía constantemente que o seu mellor lugar era a cociña.”

Rosa Aneiros. *Ámote Leo A. Estación de tránsito*. Xerais.

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia






DÍA DAS ESCRITORAS

“Desde a estación ventamos perfectamente o que acontece. Os gardas civís pasean fanchendosos e non hai quen sequera levante a cabeza para lle mirar os ollos, xa non digo para rebaterlles as asneiras que din. Eu doulles parola, regalolles paquetiños de café Sicaldo contrabando, que nestes días é como o ouro. A de botellas de licor café que rãñ bebido a custa nosa... Póñolles boa cara e dígolles a todo que amén, amigos ata no inferno, como dicía papá e, neste caso, a comparación é perfectamente acaída. Non convén estar a mal con eles, e moito menos agora, nisto que andamos, como sospeiten o máis mínimo... non quero nin pensar. Diante de Xulia e Amparo fago que non é para tanto a cousa pero parvas non son, parvas non somos aínda que façamos como tal. Ás mulleres non nos queda outra que facer de parvas e pór boa cara, polo menos de portas para fóra. Tócanos facer as cousa ás agachadas, que non se note que estamos, porque somo invisibles, como o ar. O que non saben, ou non pensan, é que o ar se coa en todos os recantos precisamente porque non se ve. Así facemos nosoutras.”

Eva Mejuto. *Memoria do Silencio*. Xerais

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia





DÍA DAS ESCRITORAS

E pasado o tempo de loito, ese espazo para a reflexión sobre o que acontecera, para asumir a ausencia, ou abandono, foi retomando cousas que deixara de facer dende que casara. As afeccións todas que abandonara por pasar a ser muller dun marido. Tamén esa querenza que ocultara polos libros. Coma se sempre quixese dedicarnos todo o tempo de seu, ata perder incluso a súa esencia. É certo que non había tempo, nin tampouco coraxe, para moitas distraccións que non fosen a familia ou as faenas domésticas. Aínda menos para as mulleres, que daquela eran dependentes e estaban supeditadas ás apetencias e limitacións que lles viñan ao contraer matrimonio.

Pero abofé que o que acontecera co meu pai, o que o demo quixo que ese día ocorrese, lle serviu a mamá para abrir eses ollos empequenecidos pola tristura da soidade. Para tomar as rendas da súa vida. Para ser libre.

Elba Pedrosa. *O que non sabías*. Xerais

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia





DÍA DAS ESCRITORAS


O día das festas de San Martiño ocorreu. Non se preocuparon de tomar precaucións, pois era a primeira vez para ela. E nas ocasións seguintes optaron pola marcha atrás, porque a Teo o condón non lle chistaba moito, dicía que non sentía igual. Foron mozos durante outros dous meses, logo deixárono porque a Teo empezoulle a gustar moito Marta. Agora seica anda con esa rapaza nova do insti, esa tan guapa que se chama Vero e que ten unha melenaza que lle pasa da cintura.

Lorena non, ela non sae con ninguén. Lorena está repetindo e cada mañá dálle o peito ao seu pequeno antes de saír ás carreiras cara á parada do autobús cargada coa súa mochila azul de nubes.

Mercedes Leobalde. *"A idade da inocencia"*. Funambulistas. Xerais

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia

ba  
ga



DÍA DAS ESCRITORAS

a bisavó elena foi mãe solteira, mas a minha avó carminha sempre soube quem era seu pai. e minha mãe quem era seu avô.

lembra mamã perfeitamente o dia que morreu esse avô desconhecido. algumas senhoras pararam na rua para fazer-lhe bochechas na face e lamentar com um sabes quem morreu? que ela ainda tardou em ligar à estória familiar.


minha mãe aprendeu que a bisavó elena e o alfonso maurício eram a viva imagem do amor. mas como romeu e julieta, de famílias defrontadas. ela lavadeira e pobre. ele rico e vinculeiro. quando o prenhe foi evidente a caudal família forçou a escolha: ou ela ou a herança. alfonso escolheu a herança e a bisavó elena criar sozinha a menina carminha, minha avó.

assim o aprendeu a minha mãe entre os silêncios familiares.

Susana Sanches Arins. *"literatura rosa"*. Seique. Através editora.

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia





DÍA DAS ESCRITORAS

Dixo a mestra que estaba soa no complexo escolar e que eu medraba moito para a idade que tiña. Logo foi ao que tiña que ir que xa era hora con tanto arroteo xa estábamos que ardíamos, pero era tímida, notábaselle moito.


Dixo que despois das clases ía preparar un fato de rapazas para o ingreso porque estaba soa, tiña tempo abondo, quería que fose eu "María Briz é moi intelixente, María Briz debe estudar, porque escribe que é un primor".

Aínda lembro a ledicia que collín coa visita da señorita Mārgara, estaba pero moi satisfeita, coma se alguén me animase a voar arrepuñándose.

Xohana Torres. *Adiós María*. Editorial Galaxia

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia

bu  
ga



DÍA DAS ESCRITORAS

Cumpría seguir as normas impostas polos fascistas que querían romper o modelo das mulleres republicanas que fumaban, frecuentaban bares, tomaban cócteles, facían excursións con homes... Non podía ser. A muller na República estaba masculinizándose, afirmaban os "nacionais". "¿Cando se viron ás fillas de Eva agarradas ás correas do teito do tranvía, co cigarro nos labios en parangón con calquera obreiro ou oficinista?", clamaban os falanxistas preocupados pola imaxe da muller. Menos mal, dicían, que a guerra colocou cada cousa no xusto medio. Despintou á muller, suprimiu o rímmel, descubriu a feminidade oculta baixo capas de pos morenos. ¡E tanto que nos despintou! Pero foron as lágrimas verquidas, foi a palidez da morte a que nos demudou o rostro. Foi a renuncia, iso, a renuncia, a que nos deixou sen ilusións. Pero para eles, para os malvados, iso era a feminidade. A muller naceu para a abnegación, para vivir para os demais, para Deus, o marido e a prole, que debía ser abundante para reconstruír o país, o país que eles destruíran. A síntese e expresión do comportamento feminino debía ser o amor, o consolo e o traballo. Confortar, distraer e traballar. A guerra, publicaban fachendosos, puxo ao descuberto o Eterno Feminino. Así falaban, así escribían os triunfadores.

M<sup>a</sup> Xosé Queizán. *Amor de tango*. Xerais

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia





## FUTURO

Nas marxes da cidade nas extremas desta vida escribíense os contratos laborais  
coa caducidade que marca a data a fin de mes  
e as agullas do reloxio conducen os teus pés  
esfolados que dormen por horas en camas quentes  
sen saber quen mudará as sabas e sen mudar de pel  
e o soño é asinar eses contratos  
por iso a rapariga cruza a fraga e non sabe da distancia dos carreiros  
ela pode ser a froita ofrecida  
a torta de mel  
que entra polo atallo na valixa do ladrón de palabras  
onde as flores doutros mundos murcha cos seu cuspe.



No mellor dos casos a avoa é unha vella  
as fillas traballan fóra e dentro da casa e ofrecen un traballo por horas  
elas condenadas eternas coíñadoras condenan  
cada día  
a unha rapariga que debe cruzar a fraga e entrar na valixa do ladrón de palabras  
o atallo  
o mal menor  
que atende a dependencia cando as fillas traballan dentro e fóra da casa.

O home é un home para o home  
o home é un home para o lobo  
a muller é loba  
o estado o cazador que aínda apunta na falsa dirección.

No mellor dos casos Carrapuchiña vermella é unha empregada doméstica  
un conto  
o futuro.

Marça do Val. *A cidade sen roupa ao sol.* Espiral Maior

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



Estã no peirao  
desde o amencer,  
ata que te ata  
o verde corçel.

Agulla de buxo,  
dedos de corcel,  
e nunca se enredan  
as redes de Inés.

Inés no seu tallo,  
ela soa é quen  
de virar en arte  
o seu quefacer.

Esculca no mar  
a luz dos ronseis,  
mais a lançadeira  
segue o seu vaivén.

Eu sento por veces  
ã beira de inés  
para ver a danza,  
o alegre mexer  
das redes, os paus,  
os dedos de Inés  
facendo piruetas  
ao son do nordés.

Ela, cun sorriso,  
sorriso de mel,  
fálame gustosa  
do antigo Berbés.

Da avoa Esmerada  
redeira de ben,  
do avó Olegario  
guiando un batel.


Da súa nai , Rosa,  
redeira tamén,  
que anoaba a malla  
mesmo do revés.

O mundo é maior  
cando escoito a Inés,  
no seu ollar mouro  
son capaz de ler  
historias salgadas  
que me fan crecer.

(...)

Elvira Riveiro. As redes de Inés.  
Xerais.





DÍA DAS ESCRITORAS

“-Vicent, podo facerche unha pregunta? -dixo Noa-. Por que levas un xersei todo es-  
fiañado e cheo de nobelos?.

-Porque a señorita Bubble sempre está ocupada e non o dá rematado -explicoulle in-  
tentando desenguedellar un par de nobelos-. O laboratorio queda por aquí -engadiu.

As irmãs seguirono todas contentas. Que ganas tiñan de ver o lugar onde traballaba a  
inventora! Atopárona nun cuarto cheo de trebellos, sentada nunha aparatosa butaca  
xiratoria, semellante ás que hai nas clínicas dentais. Era de raias brancas e negras e leva-  
ba integradas unhas extremidades metálicas que portaban unha morea de instrumen-  
tos. Se a inventora necesitaba apertar un parafuso dicía: “Desparafusador!” . Atendendo  
ás súas ordes, a extremidade metálica que sostíña esa ferramenta activábase e achegába-  
lla.

(...)

-O seu brazo é de metal! Exclamou Noa, sinalando a extremidade esquerda da inven-  
tora

-refíreste a isto? Contestoulle ela alzanda no aire, toda orgullosa-. Eu mesma cons-  
truín esta prótese meses despois de perder o meu brazo. Chula, eh?- engadiu movendo  
os seis dedos metálicos-. Cando levas as luvas postas non se nota. Non sequera vos de-  
catastes de que tiña seis dedos en lugar de cinco. Deseña así porque é moito máis  
práctico

-Que pasada! Exclamou Sofi”

Ledicia Costas. *A señorita Bubble*. Xerais

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia





*"O esforzo cotián das mulleres"*

*19 de outubro de 2020*

